

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 11 DE SETEMBRO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día once de setembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP, e dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2014

Vista a proposta de Alcaldía do día 5 de setembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 9 de setembro de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se quere con esta proposta é crear unha partida para facer un edificio de acción social, a despensa municipal de alimentos. Actualmente estaba de xeito eventual no campo de fútbol Dani Mallo, pero por necesidades do club de fútbol decidiron trasladala xa. Tiñan pensado facelo o ano que vén, pero van trasladala este ano coa baixa nunhas partidas de xuros e de investimentos en edificios de educación. Esta última foi unha partida que quedou liberada ao non contratarse para ese destino, foi simplemente iso, o crédito que tiñan na partida foi suficiente para os investimentos que fixeron en colexios este verán. Agora mesmo non tiñan pensado dispor dese diñeiro e, entón, trasládase para poder facer a despensa municipal.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el só quería aproveitar para dar a benvida e desexar boa sorte ao novo interventor.

Neste punto o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, quere manifestar o mesmo que xa dixo o Sr. García Patiño, que lle dá a benvida ao novo interventor e lle desexa moita sorte no seu labor.

O seu voto vai ser o da comisión, a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto da comisión e van votar a prol da proposta do Goberno.

E como non pode ser doutro xeito, igual que os compañeiros que lle precederon, dalle a benvida ao interventor e deséxalle que teña un bo traballo en Cambre.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo súmase a esa saudación ao novo interventor, e anuncian, igual que os compañeiros de EU, que o seu voto vai ser favorable á proposta que traen hoxe a pleno.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que aínda que non tiña pensado intervir neste punto, darlle a benvida ao novo interventor e desexarlle moito éxito, que o seu éxito profesional tamén será o éxito de todos os cambreses.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), a abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2014 por importe de 19.429,91 euros co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria | | Crédito anterior | Crédito extraordinario | Baixas por anulación | Crédito definitivo |
|-------------------------|--------------------------------------|------------------|------------------------|----------------------|--------------------|
| 011.310 | Xuros | 160.000,00 | | 7.901,91 | 152.098,09 |
| 231.622 | Edificios acción social | 0,00 | 19.429,91 | | 19.429,91 |
| 320.622 | Investimentos edificios de educación | 24.367,00 | | 11.528,00 | 12.839,00 |
| | Totais | 184.367,00 | 19.429,91 | 19.429,91 | 184.367,00 |

Imputándose a modificación da aplicación “231.622 Edificios acción social” ao proxecto “2014-4-231001 Acondicionamento de local para despensa de alimentos”, e a baixa na “320.622 Investimentos edificios de educación” ao “2014-4-320000 Investimentos imprevistos edificios de educación”.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

1.2. Aprobación, se procede, da prórroga do contrato de xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do día 3 de setembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 9 de setembro de 2014.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que se trata do contrato que se fixo no seu día coa empresa Emprego Social, unha empresa de traballo social, que é a que vén realizando dende hai anos a limpeza viaria no Concello de Cambre. No contrato vén que as prórrogas, unha vez vencido o contrato principal, serán anuais ata o ano 2017. Esta prórroga anual suporá que ata o ano que vén seguirán facendo este traballo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo reitera o voto da comisión, que foi un voto a prol e, polo tanto, tamén apoian este punto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén mantén o voto, vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que manteñen o voto da comisión e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén é a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), abstéñense os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Prorrogar, polo prazo dun ano desde o día 8 de xaneiro de 2015, data prevista para o remate da primeira prórroga contractual acordada, o contrato suscrito

coa entidade “Emprego Social, S.L.”, relativo a xestión, mediante a modalidade de concerto, do servizo de limpeza pública no Concello de Cambre, (expediente: 2006/17-1 GEST. SERV. P.), o que supón unha vixencia do contrato ata o día **8 de xaneiro de 2016**, isto sen prexuízo de que, antes do vencemento deste prazo, se poida adoptar unha nova prórroga, á vista do establecido na cláusula quinta do contrato, quinta do prego de cláusulas administrativas particulares e no epígrafe catro do cadro de características do contrato.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade “Emprego Social, S.L.”, con CIF.: B15565864 e enderezo na rúa das Rúas, nº 3 baixo, C.P. 15660 Cambre (A Coruña), así como ao departamento de Obras e Servizos, e máis a Intervención municipal, para os efectos oportunos.

1.3. Aprobación, se procede, do acordo relativo á actuación a incluír no Plan de travesías 2012-2015 da Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos do día 5 de setembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 9 de setembro de 2014.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, explica que do que se trata é de dar permiso á Deputación para que execute a obra, unha senda peonil entre Os Campóns e A Cabana, a cargo das súas arcas. Ao concello non lle custa nada, só asumir o compromiso de, unha vez executada a obra, manter as infraestruturas que leva consigo, quedando a cargo do concello.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, dende logo, dende o grupo municipal dos socialistas de Cambre non cabe outra cuestión que o compromiso coa seguridade viaria neste concello, así o manifestaron en moitos plenos e moitas intervencións. Pero aclarar tamén que o seu voto vai ser abstención, como foi nas comisións, porque non tiveron decisión en nada, non participaron, non se lles preguntou nin opinión, nin se podía ser esa senda, ou se podía ser outra actuación.

Parécelles perfecta a actuación en Sigrás, é necesaria, pero si que querían facer fincapé no que se vén dicindo aquí, que o acaba de manifestar o Sr. Marante, que o Concello de Cambre vai asumir despois os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións. Lembra que teñen moitas sendas peonís, que están nese mesmo caso, con silvas que saen dende os terreos, cruzan a senda peonil e chegan ao viario. É necesario facer ese mantemento en todas esas sendas.

Outro tema moi importante que se vai facer nesa senda é dotala dun paso de peóns, e lembran o compromiso que ten o equipo de goberno, aínda que non é con esta administración, a Deputación, senón coa Xunta de Galicia, noutro viario que precisamente une ou vai unir con este viario, que é o que vén dende A Telva ata a rotonda dos Campóns, onde se está pendente coa Xunta de que se doten dos pasos

de peóns, que son moi necesarios e que o grupo socialista xa trouxo a varios plenos, sobre todo á altura da Telva e á altura da confluencia do instituto coa escola de música.

Conclúe reiterando que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, a verdade, eles alégranse de que veña un expediente tan ben redactado e tan ben feito e, polo tanto, van cambiar o voto das comisións e van votar a prol deste proxecto. Dálles a en hora boa por esta iniciativa e sempre que a Deputación poña cartos para o desfrute dos veciños de Cambre, estarán de acordo, se se fai dentro da legalidade, claro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que dende o seu grupo, á marxe das necesidades que existen noutras infraestruturas viarias no concello, competencia doutras administracións, eles fixeron un exame bastante pormenorizado das vías que son competencia de Deputación, para as cales se emprega este diñeiro. É un proxecto exclusivo da Deputación, e consideran ademais que a actuación é necesaria nese tramo de estrada dos Campóns á Cabana, polo tanto, aínda que nas comisións se abstiveron, van apoiar a proposta, porque como dixo antes, parécelles necesaria para a seguridade dos veciños e veciñas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que só quere dicir que, que el saiba, todas as obras que propoñen e fan, fanse legalmente. Cre que ilegalmente aquí non se fan obras.

O Sr. alcalde manifesta que van votar a proposta e que el simplemente quería darlles as grazas polo seu apoio, porque así o demanda o prego da Deputación, pero si quería aclararlle ao Partido Socialista que se están tan de acordo con esta actuación, que teñan en conta que este é un proxecto da Deputación Provincial, que requiriu el como alcalde de Cambre, porque lle parecía normal terminar esa beirarrúa que está a medio acabar na metade desa estrada que é da Deputación. El persoalmente pediulle á Deputación que o metera nos proxectos que ten de travesías, pero a Deputación arranxa as travesías provinciais, non as municipais. Este é un proxecto que ao Concello de Cambre non lle custa absolutamente nada, é un proxecto que fai a Deputación no Plan de Travesías da Deputación, por iso a el o que lle sorprende é que o grupo socialista non apoie o proxecto, pero ben, cada un é libre para votar o que queira, pero xa lles dixo que é un proxecto da Deputación que ao concello non lle custa absolutamente nada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do

BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), a abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado *Mellora da seguridade viaria na DP-1702, entre o p.k. 1+870 e o p.k. 2+270, Sigrás, Cambre*, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal en maio de 2014, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de 79.400,07 €, autorizando á Excma. Deputación Provincial da Coruña para executar as obras para as cales o concello conta con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

Segundo: Manifestar a conformidade do Concello de Cambre coas bases de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de Travesías 2012-2015, publicadas no BOP número 217 do 14 de novembro de 2012.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, asumindo os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

Cuarto: Delegar no Sr. alcalde-presidente a formalización do correspondente convenio.

1.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada polo grupo socialista, don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta, como cuestión de orde, que hai unha moción bastante similar de EU, pregunta se as tratan de forma independente ou en conxunto.

Os concelleiros do PSdeG-PSOE e EU contestan que de forma independente.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que antes de comezar quere facer unha aclaración, porque se acaba de producir un anuncio do PP en relación á retirada desta proposta dentro das conversas pola rexeneración democrática, pero non a retirada da axenda do PP, polo tanto, entendendo que non significa unha renuncia do PP a levala a cabo antes das eleccións municipais, decidiron manter a moción, como lle ten aclarado á entrada deste pleno ao voceiro do grupo municipal do Partido Popular.

A continuación, dá lectura a moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Goberno de España a rexeitar a modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral proposta polo Partido Popular

Rexistrada de entrada ao núm. 0/7014 o día 6 de setembro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Os medios de comunicación avanzaron estes días a intención do Goberno do PP de seguir adiante coa reforma da lei electoral para a elección directa de alcaldes, aínda que non teña o apoio do PSOE. O pasado 28 de xullo, Pedro Sánchez, secretario xeral do PSOE, na súa entrevista co presidente do Goberno, Mariano Rajoy, xa mostrou o seu desacordo coa reforma electoral proposta polo Goberno do PP, trasladando un NON rotundo ao cambio de elección de alcaldes, por entender que non se poden propoñer cambios de tanto calado sen acordo político e a poucos meses das eleccións municipais.

Nestes momentos, cando quedan nove meses para as próximas eleccións municipais esta reforma electoral suscítase por parte do Goberno de forma oportunista e prepotente. A estratexia do PP consiste en lanzar un globo sonda, dicir que están abertos ao diálogo e acusar ao resto de forzas políticas de non querer alcanzar acordos. Entendemos que a política é diálogo, negociación e acordo, pero tamén é respectar as regras das que nos dotamos democraticamente e non modificalas con base en intereses partidistas. O Goberno do PP non pode cambiar as regras de xogo minutos antes de terminar o partido, por esta razón debe de explicar por que ten tanta présa en modificar a lei electoral no que afecta ao réxime municipal.

Todo parece indicar que o medo a perder alcaldías é o motivo que impulsa a reforma que propón o Goberno de Rajoy. Esta proposta non é unha demanda social, nin política, unicamente responde á petición dos alcaldes do PP que queren perpetuarse no poder a base de burlar as maiorías democráticas. Nesta ocasión o Goberno do PP volve a menosprezar, unha vez máis, á FEMP como entidade representativa do municipalismo no noso país. As maiorías en democracia, constrúense negociando, cedendo e compartindo. En España dotámonos dun sistema electoral proporcional

para dar voz ás minorías e para que estas agrupadas e desde o acordo político poidan converterse tamén en maioría.

O PP escúsase falando de rexeneración democrática, pero nin a coñece, nin a practica. O señor Rajoy debería saber que en democracia, o partido mais votado non pode impoñerse á maioría formada por outras forzas políticas; que un 40% dos sufraxios non é maioría absoluta, e non representa a maioría dos veciños dun municipio, non mellora a representatividade e, en absoluto, achega máis a institución aos cidadáns. Mentres o PP non teña claro este principio democrático, non hai negociación posible.

O PSOE vai evitar, con todos os medios ao seu alcance, que o *pucherazo* electoral que o PP perpetrou coa modificación do Estatuto de Castilla-La Mancha se repita de novo co sistema de elección de alcaldes.

En España, os cambios de sistema electoral leváronse sempre a cabo con consenso, diálogo e a través do pacto. Cómpre recordar que a actual LOREX recibiu o respaldo da totalidade dos grupos con representación parlamentaria. Naquela sesión o voceiro do grupo popular, Herrero de Miñón, defendeu o apoio do seu grupo coas seguintes palabras: “A lei electoral é unha lei onde se marca parte fundamental das regras do xogo democrático, esas regras que nos obrigan a todos e, á vez, nos garanten a todos. E é lóxico que esas regras do xogo, baixo cuxo amparo se moven as diversas forzas políticas na democracia, sexan acordadas e modificadas de xeito consensuado”, xusto o contrario do que pretende agora o Goberno do Partido Popular.

E, así mesmo, a única modificación de calado que sufriu esta norma, a do ano 2011 foi o froito dun longo proceso de negociación que, na procura do máis amplo consenso posible, permitiu o acordo de varios grupos parlamentarios (PSOE, PP, CIU, PNV) e que esta fose aprobada por 321 votos a favor e tan só 14 en contra.

En definitiva, non se poden suscitar cambios sobre a elección dos alcaldes modificando con urxencia a LOREX, sen acordo e a poucos meses das eleccións locais. O Goberno de Rajoy segue empeñado en atacar sistematicamente a autonomía local. Primeiro anunciou aos catro ventos a súa reforma local, que foi un fracaso absoluto, aprobando a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, que baleira de capacidade política e de competencias aos concellos, e afasta aos cidadáns e veciños das entidades locais polo desmantelamento que se está producindo dos servizos públicos que os municipios prestaban. Despois o Goberno anunciou a proposta de Lei de demarcación e planta xudicial, que está enriba da mesa do ministro de Xustiza, que desvitaliza a actividade xudicial dos concellos que foron cabezas de partido xudicial. E agora o PP ameaza novamente á democracia municipal ao pretender unha reforma electoral de xeito unilateral para favorecer unicamente os seus intereses políticos e electorais.

Por todo o anterior o grupo municipal dos Socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Rexeitar a modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral que propón o Partido Popular.

Segundo: Instar ao Goberno de España a manter a regulación da elección de alcaldes segundo o recollido no texto actual da Lei orgánica do réxime electoral xeral.”

O Sr. alcalde pregunta se vai haber algunha intervención, e ante a resposta negativa dos presentes, manifesta que, entón, pasan á votación.

Pide a palabra dona Margarita Iglesias Pais para instar ao PP a que dende o Goberno municipal, dado que esta é unha reforma que afecta directamente aos veciños, teñan a valentía de pronunciarse acerca da súa opinión sobre esta reforma, e que non secuestren aos veciños de Cambre a opinión que ten o Sr. alcalde respecto desa bochornosa reforma que pretende o seu partido.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que a súa opinión é que van votar en contra, e se teñen que darlles máis explicacións, farano, dille que non se preocupe.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro de PdeC integrante do GM. Abstense o concelleiro do PDG integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaotoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de UxC relativa ás deficiencias de seguridade na estrada AC-214 e, en concreto, no encontro coas vías DP-1702 e DP-1704

Rexistrada de entrada ao núm. 0/6640 o día 28 de agosto de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Con motivo da tramitación do DTC 93, Plan de obras da Deputación, o Goberno municipal deste concello puxo en coñecemento desta Corporación o que denominou como ‘deficiencias de seguridade viaria na estrada AC-214 e en concreto no encontro coas vías DP-1702 e DP-1704’.

Segundo o equipo de goberno as deficiencias de seguridade viaria detectadas son urxentes e mesmo provocaron algún accidente. Esta urxencia en realizar as obras

utilizouna para incorporalas ao programa DTC 93 'Unha Deputación para todos'.

A estrada AC-214 é dominio exclusivo da Xunta de Galicia e a súa xestión corresponde á Axencia Galega de Infraestruturas. En aplicación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a obriga do mantemento e conservación que garantan a seguridade viaria axeitada corresponde á Xunta de Galicia.

Entendemos que a declarada inseguridade viaria segue existindo tras o fracaso na solicitude ao DTC 93. E, polo tanto, segue existindo a necesidade de garantir a seguridade.

Ante os problemas derivados da seguridade viaria, detectados dende o Goberno municipal, no viario AC-214 no centro de Cambre e en concreto nos encontros cos viais DP-1702 e DP-1704.

Por todo o exposto propoñemos o seguinte acordo:

Requirir da Xunta de Galicia, por medio da Axencia Galega de Infraestruturas, que adopte as medidas necesarias, de forma urxente, para solucionar as deficiencias de seguridade detectadas.”

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que dende o equipo de goberno hai aproximadamente dous meses que se debateu sobre este tema nun pleno, sobre a seguridade viaria nesas zonas, houbo opinións de todos os grupos, cada un opinou o que estimou conveniente, e non vai entrar en ningún tipo de debate, simplemente dicir que a pesar de que houbo que cambiar ese proxecto, séguese a traballar por parte do Goberno, no proxecto, tratando ao mesmo tempo de conseguir todos os beneplácitos, e ir traballando para volver incidir sobre a seguridade nesas zonas, e tratar de resolver ese problema o antes posible.

Conclúe dicindo que o Goberno non está de acordo coa proposta e, polo tanto, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que este tema preocupa a UxC pero tamén ao Partido Socialista, e cre que a toda a Corporación. Os temas de seguridade viaria sempre son temas moi preocupantes para todos os grupos e, nese sentido, xa é hora de que a Xunta de Galicia faga algo pola seguridade viaria nas estradas municipais, e nese sentido van votar a prol da moción que presenta o grupo de UxC.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, ratifícase no mesmo, cre que hai que solucionar todos os problemas que se poida relativos á seguridade viaria no concello, como dixeron anteriormente coa travesía de Sigrás. O grupo de EU vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable a esta moción e unicamente manifestar a súa incredulidade de que o Goberno municipal non se comprometa a simplemente

requirir da Xunta de Galicia que adopte as medidas necesarias. Como oposición, neste caso, estráñalles moitísimo que nin sequera cheguen a adquirir ese mínimo compromiso.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que eles están convencidos, por iso trouxeron aquí hai máis de dous meses un proxecto sobre este tema. Di que seguen mantendo conversacións coa Xunta e coa Deputación para resolver estes temas e non teñen por que estar apoiando algo que xa están facendo. Dende ese momento, dado os problemas que xurdiron nesta Corporación, estanse resolvendo todas as cuestións para intentar sacar canto antes para adiante o tema.

De feito di que eles están totalmente convencidos de que iso é o que hai que facer, mirar pola seguridade dos cidadáns e, o antes posible, resolver os problemas. Están niso e iso non implica que teñan que mandar escritos a ningún lado, porque xa están facendo as xestións.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece o apoio. Di que é un problema de todos os veciños de Cambre, non só dos grupos municipais, senón de todos os veciños. El non entende a posición do Goberno municipal, porque se realmente xa o están facendo, o normal sería votar a prol, e dicir: “grazas pero xa o estamos facendo e aquí están os papeis que demostran ademais que o solicitamos á Xunta”. Porque para facer ben a xestión o que eles piden é requirir á Xunta, incluso eliminaron a palabra esixir, puxeron requirir da Xunta de Galicia, por iso non entenden por que se vota en contra dunha moción cando segundo o Goberno municipal xa están traballando nese tema. Eles saberán por que, UxC non o entende.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que dado o requirimento que lle fixo o Sr. Carballada, non quere entrar nun debate, pero quere aclarar algo. Di que el vería ben esta moción e incluso a poderían votar a prol se nela puxera que requiren á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña, aos dous organismos, porque as actuacións previstas nesas estradas, e o proxecto que o Goberno trouxo aquí hai dous meses, que a oposición votou en contra, era precisamente unha rotonda nun cruzamento desas estradas, que estaba pagado todo pola Deputación Provincial da Coruña, e a oposición votou en contra. A afección da rotonda afectaba máis ás estradas da Deputación que á estrada da Xunta, e segue pasando exactamente o mesmo. Por iso eles votarán en contra, porque se UxC dixera que requiriran ás dúas administracións, volven retomar o proxecto. En todo caso, o Goberno municipal segue traballando, tanto coa Xunta como coa Deputación, para volver facer ese proxecto, e que aos veciños de Cambre igual que antes non lles custaba, tampouco lles custe agora. Foi a oposición naquel momento a que tirou ese proxecto abaixo porque dixeron que non era legal.

Dille ao Sr. Carballada que por iso o seu grupo vota en contra. O Sr. concelleiro requeriulle para que se posicionara e el posiciónase e explícase.

O Sr. García Patiño pide a palabra.

O Sr. alcalde contesta que el xa lle dixo que non ía entrar en debate, a el pedíronlle unha explicación e deuna.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que se están contando cousas que non son verdade, deixaralle dicir que non o son.

O Sr. alcalde dille que se o chama mentireiro, que o aclare.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o que dixo foi que son cousas que non son verdade. Eles non votaron en contra do proxecto, votaron en contra da forma, e así llelo dixo a Deputación. O que lle botou abaixo o proxecto foi a Deputación, non foi UxC, foi a Deputación. UxC o que dixo foi que estaban facendo mal as cousas, como así dixo a Deputación, nin máis nin menos, pero erre que erre, outra vez coa mesma pedra. UxC votou en contra do proxecto por defectos de forma, e así llelo dixo tamén a Deputación, pregúntalle que máis quere. A Deputación díxolle ao Sr. alcalde que non o aprobaban por defectos de forma, nin máis nin menos.

O Sr. alcalde dille que el pensará o que queira e dirá o que queira, pero el é deputado na Deputación e el sabe o que lle dixo a Deputación, e o que lle dixo a Xunta, que fala moitas veces con ela. O Sr. García Patiño dirá o que queira.

O voceiro de UxC sinala que é o que lle dixeron por escrito.

O Sr. alcalde dille que, pois de acordo, que o Sr. voceiro dirá o que queira, que é un defecto de forma e todo o que queira, pero aí el sabe que hai que implicar a dúas administracións. A Deputación colleu o toro polos cornos e dixo, así falando claramente, dixo que de acordo, que a actuación a pagaba a Deputación, e requiriu á Xunta para poder facer o proxecto, e pagábo a Deputación. Ben, o Concello de Cambre non se puxo de acordo en darlle para adiante a ese proxecto, e á Deputación non lle quedou máis remedio, porque os votos da oposición suman máis, non lle quedou máis remedio que deixar o proxecto para outra ocasión. Di que perfecto, pero que o Goberno municipal segue traballando no tema.

Don José Antonio Baamonde López intervén para manifestar que o proxecto si que se aprobou, e que el vai votar a prol da moción con independencia de que así votou tamén hai tres meses cando veu a pleno.

O Sr. alcalde solicítalle reiteradamente ao Sr. Baamonde que lle permita continuar e engade que a palabra ten que dálla el.

Continúa dicindo que quere aclarar que aínda que o proxecto no pleno suscitou moitas discusións, o proxecto si se aprobou en pleno, por abstención, pero presentouse un recurso por parte dun grupo municipal na Deputación en contra dese proxecto. Un grupo desta Corporación presentou un recurso na Deputación para tombar o proxecto abaixo, así de claro.

Don Óscar Alfonso García Patiño intervén para dicir que non, que iso é mentira. Non é que non sexa verdade, é que é mentira. Di que eles non presentaron recurso para

nada, eles o que lle preguntaron á Deputación é se realmente se cumpría coas bases que pedía a propia Deputación, e a Deputación contestoulle a este concello que non cumpría coas bases. Iso é o que ocorreu e iso foi o que lle contestou ao Sr. alcalde a Deputación. Nin máis nin menos. Pídelle que non diga o que non é verdade.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de UxC que o Pleno de Cambre é plenipotenciario para aprobar un proxecto desa índole, e eles buscáronlle as cóxegas ao proxecto para mandarlle un escrito á Deputación dicindo que non cumpría coas bases, co cal a Deputación, loxicamente, á menor dúbida retirou o proxecto. Pero dille que os que ían desfrutar dese proxecto ían ser os veciños de Cambre, non o alcalde de Cambre.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que non a calquera prezo.

O Sr. alcalde contesta que a calquera prezo, non.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC integrante do GM. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro do PDG integrante do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar comezo á lectura da moción, dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que lles preguntaba o voceiro do PP se ían debatela en conxunto ou por separado, porque era unha moción similar á presentada polo PSOE, e anticipándose á resposta do PP ante a primeira das mocións, xa dixeron que a ían ler por separado, precisamente por esa ausencia de pronunciamento, que agardan que tamén se produza nesta moción.

Neste caso, aínda que soamente sexa polo tempo que lles quede de expresarse na oposición ata que o PP aprrobe esa lei, vanlle dar lectura.

C) Moción do grupo municipal de EU solicitando a elección democrática de alcaldes e alcaldesas

Rexistrada de entrada ao núm. 0/6925 o día 4 de setembro de 2014, xuntos cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O ámbito local é un espazo complexo e plural, de grandes transformacións e constantes mutacións, e a primeira instancia para a resolución dos problemas da cidadanía e para a mellora das condicións de vida da xente.

Os concellos foron capaces de afrontar os grandes retos e os cambios culturais de finais do século XX: os fenómenos migratorios, os novos modelos familiares, a dependencia e o envellecemento da poboación e, nesta primeira década do século XXI, son o principal dique de contención contra a crise, e o principal espazo de resistencia, de dignidade, de defensa dos dereitos da cidadanía e os principais espazos para xerar alternativas sociais e económicas para paliar os efectos da crise e os recortes.

Dende diferentes posicións políticas, todos defendemos un modelo de gobernos locais de proximidade, un modelo que desenvolva a autonomía local e as competencias, con recursos abondo para facelas efectivas.

A educación, os servizos sociais, as políticas de igualdade, a cultura, a solidariedade e o dereito á vivenda son as claves de bóveda da articulación municipal e a construción de cidadanía. Defendemos un municipalismo que integre os valores da paisaxe, o territorio e o espazo natural como vectores de identidade e de cidades e pobos sostibles. Que fuxa do crecemento dende unha óptica de ingresos e recursos substitutivos dun verdadeiro financiamento do mundo local xusto e axustado ás súas competencias.

En definitiva, un municipalismo que efectivamente poida desenvolverse e recoñecerse na Carta Europea de Autonomía Local, e que se basee nos principios de simplificación, transparencia e modernización dos entes locais, o principio de autonomía, subsidiariedade, diferenciación, equilibrio territorial, desenvolvemento sostible e suficiencia financeira para atender ás necesidades sociais dos seus habitantes.

Os concellos españois foron dende 1979 a expresión máis evidente da chegada da democracia ao noso país: miles de concelleiros e concelleiras, de alcaldesas e alcaldes, elixidos polos seus veciños, accederon ao goberno dos seus concellos dende a preocupación por satisfacer as demandas máis incitantes dos seus veciños, e tamén, ante a falta de definición constitucional das competencias locais, a afrontar aqueles retos e actuacións que fosen impulsadas pola cidadanía. Dende ese principio de administración máis próxima, configurándose os concellos como as entidades que visualizaron a democracia no noso país e que representaron a primeira experiencia, ata agora irreversible, de descentralización política.

Consideramos imprescindible conservar ese papel, que foi razoablemente garantido durante todo este período por un sistema electoral que, sen ser perfecto, permitiu que as opcións políticas significativas nas que se organiza a cidadanía en cada municipio configurasen maiorías de goberno local cun respaldo maioritario do voto popular a través dun sistema de representación respectando a proporcionalidade contemplada na CE.

A democracia non é compatible cun goberno municipal que non reflecta a maioría dos

votos expresado nas eleccións. Iso significa que unha lista municipal non pode ter a maioría de goberno e, consecuentemente, a alcaldía, se non ten o respaldo da maioría dos votantes, expresado por un sistema de representación política constitucionalmente establecido.

É máis, o artigo 140 da Constitución Española establece que o voto de veciños e veciñas será igual, polo tanto, debe ter o mesmo valor e producir os mesmos efectos na elección dos concelleiros e concelleiras. Ademais, os/as concelleiros/as serán elixidos de forma directa.

A atribución do alcalde ou alcaldesa á lista máis votada levaría ao paradoxo de que poderían ser alcaldes/as, concelleiros/as que tivesen obtido menos do 20% dos votos e, polo tanto, non contarán co apoio de máis do 80% dos veciños e veciñas. O exame dos resultados das últimas eleccións municipais ou das últimas eleccións europeas proporciona numerosos exemplos. En todo caso, con eses supostos, o número de concellos cuxo alcalde non estaría apoiado pola maioría dos electores sería moi maioritario.

A democracia quedaría seriamente afectada e os criterios de proximidade e participación vulnerados. A maioría da veciñanza vería alcaldes e alcaldesas afastados/as e non queridos/as.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Cambre adopta os seguintes acordos:

Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre manifesta a súa oposición a calquera reforma relativa ao método de elección de concelleiros/as e alcaldes/as das corporacións locais e, moi especialmente a:

- a) A atribución de calquera prima de representación por concelleiros á lista ou listas máis votadas, por vulnerar os principios de proporcionalidade e voto igual establecidos constitucionalmente.
- b) A atribución da alcaldía á lista máis votada, cando non teña o respaldo da maioría dos concelleiros elixidos en voto igual mediante un sistema proporcional e constituídos no Pleno do concello.
- c) A constitución do Pleno municipal por concelleiros/as que non fosen elixidos/as no mesmo acto electoral mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, tal e como establece o artigo 140 da Constitución Española.

Segundo: A esta moción daráselle a publicidade necesaria para que sexa coñecida pola cidadanía do municipio.

Terceiro: Dar traslado dos acordos ao Goberno da Nación e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a Sra. concelleira dixo que a atribución do alcalde ou alcaldesa á lista máis votada levaría ao paradoxo de que poderían ser alcaldes concelleiros que tiveran obtido

menos do 20% dos votos. Pregúntalle se ela sabe quen é Monserrate Guillén, é o alcalde de Orihuela, de IU-Los Verdes, que obtivo o 10% dos votos. En Orihuela votaron 30.000 persoas, e ao alcalde de Orihuela, de EU, o votaron 3.000, é dicir, que o 90% dos veciños de Orihuela non querían que ese fora o seu alcalde, querían outros e, non obstante, é o alcalde, polo sistema que teñen.

Continúa dicindo que agora pasa a contestarlle, porque moito espera a Sra. concelleira do que el faga, pero el ben sabe o que fai. A extraordinaria importancia dos feitos acaecidos durante estas semanas mostra a necesidade cada vez máis perentoria de propiciar un cambio profundo que favoreza a rexeneración política do Estado español. Os cidadáns apelan hoxe á participación nas institucións, a opinar, a decidir, a ser tidos en conta e ser consultados nas circunstancias máis diversas. Estamos nun contexto político e social determinado no que se evidencia cada vez con maior claridade e forza que a cidadanía quere participar activamente na toma daquelas decisións que lle afectan. Hoxe en día, a democracia xa non pode ser unha mera cobertura sen contido, senón que é preciso que se dote de auténtica lexitimidade, permitindo a participación activa de todos os seus membros. É obvio que a complexidade do momento, a pluralidade política ao longo destes anos, a madurez democrática da sociedade e a envergadura dos problemas actuais, esixen situar as respostas no ámbito dun novo consenso constitucional, dun novo acordo para a convivencia colectiva.

Dille á concelleira de EU que esta é a posición, lida, e eles saben que el nos anos que leva de concelleiro nunca le, pero agora está lendo literalmente as mocións que o PSOE e EU presentaron neste pleno no mes de xuño deste ano. Eles querían a participación directa dos cidadáns para elixir ao xefe de Estado, e non querían a participación directa dos cidadáns para elixir ao alcalde. Se eles, no mes de xuño teñen uns principios e en setembro teñen outros principios totalmente distintos, pregúntalles el que debate vai ter con eles. Non pode ter debate cuns partidos que o que demostran é que do que lles serve a democracia é aos seus propios intereses. Defenden a democracia só cando lles interesa, cando non lles interesa prefiren outro sistema distinto, cando non lles interesa a eles. Por iso, di que o PP está polo labor de que os cidadáns elixan directamente ao seu alcalde, coa lista máis votada, e a contestación que el lles deu é a mesma contestación, o mesmo que eles dixeron, PSOE e EU, no mes de xuño. Agora dilles que rebatan, pero vanse rebater a eles mesmos, non ao PP, porque leu textualmente o que eles dixeron.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que na súa vida ten visto unha intervención máis torticera que a que o Sr. Andreu acaba de facer. Acaba de ler uns textos que non din o que el di que están dicindo. Está facendo unha interpretación. Para empezar a aclarar, di que había unha diferenza notable.

Neste punto, ante a interrupción do voceiro popular, dona Margarita Iglesias Pais dille que está no uso da palabra, e pídelle que faga o favor de respectar, porque ela é un representante do pobo. Reitéralle que faga o favor de respectala, porque está no uso da palabra e vai facer uso dela.

Continúa dicindo que o que propoñía o Partido Socialista e EU difería notablemente.

Os socialistas estaban a prol de que se iniciara unha reforma da Constitución que levaba como punto esencial do procedemento, ao final, porque así o esixe a Constitución, un referendo. Nada ten que ver co que propón o PP agora.

E di que agora vaise referir ao que está propoñendo o Sr. Andreu, o que propón o PP, e vai ser moi clara. En primeiro lugar vaille dar a contestación, antes de que lla dea a compañeira de EU, e vaille poñer un exemplo. Dille que o teñen aquí preto, que se vaian a Sada, onde o PP é a terceira forza política e están gobernando. Pídelles que sexan honestos coa poboación, que vaian ver a Rita Barberá, que goberna e non é a lista máis votada. Pídelles que sexan honestos coas súas propostas. É a proposta do PP, non a dela. Están propoñendo que governe a lista máis votada.

En segundo lugar, quixera facer unha aclaración, e quere dirixirse aos cidadáns. O PP non está propoñendo que os cidadáns elixan directamente ao alcalde, iso é unha falsidade. Iso de elixir directamente en urna ao alcalde, iso si que é unha proposta que levou o Partido Socialista, votación directa ao alcalde en dúas urnas, e dobre volta. Di que esa é unha elección directa do alcalde, o que está propoñendo o PP non é outra cousa que un pucherazo. A elección directa do alcalde significa que eles terían que reformar unha ducia de leis, ou polo menos, a Lei de réxime local, porque implica unha distribución distinta do poder local. Iso é o que significa. O PP está propoñendo directamente, única e exclusivamente, unha reforma electoral, que o que leva é a que se produza un cambio no sistema electoral.

Ante as palabras do Sr. Andreu, dona Margarita Iglesias Pais dille ao Sr. alcalde que é a segunda vez que lle chama a atención ao seu voceiro e que sabe que á terceira o ten que botar do pleno.

O Sr. alcalde intervén para dicir que el como presidente sabe o que ten que facer. Non lle ten que dicir o que ten que facer. Pídelle que ela continúe no uso da palabra. Ten o uso da palabra e pídelle que continúe e dille que non fai falta que se enfade tanto.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que se enfada porque os argumentos que utilizou son torticeros.

O Sr. alcalde rógalle, por favor, ao Sr. Andreu que deixe acabar á concelleira socialista.

Dona Margarita Iglesias Pais continúa dicindo que a elección directa do alcalde significa que os cidadáns voten directamente ao alcalde, non aos concelleiros. O que propón o PP é que en lugar de utilizar o sistema proporcional, que é o que teñen agora todos os cidadáns, se vaian a un sistema maioritario, cunha única finalidade, que é aproveitar o que eles entenden que nestes momentos é unha vantaxe electoral. Iso que propoñen é un pucherazo.

Segue dicindo que o Partido Socialista o que propón o ten moi claro, é a elección directa do alcalde, é unha proposta material e é unha proposta formal. Entenden que a lexislación electoral soamente se pode modificar cando existe consenso dos diferentes cidadáns, de todos os grupos políticos, porque son as regras do xogo. Di que esa é a súa postura, tanto no fondo como na forma, e di que lle sorprende que o Sr. Andreu

fale de incoherencia, cando non só lle acaba de ler na súa moción as palabras de Herrero de Miñón no momento en que se aprobou a Lei orgánica de réxime electoral xeral, pero non lle fai falta ir tan lonxe, pode traerlle as declaracións, os pronunciamentos que fixo no seu día na sede parlamentaria o Sr. Feijoo, opoñéndose a calquera modificación da lei electoral se non era por consenso, e pedindo incluso que se prohibira por lei. Naquela ocasión, o Partido Socialista, que facía unha proposta da modificación da Lei orgánica de réxime electoral xeral coherente cos seus principios, que pasan por non permitir ningunha reforma electoral, ningún cambio das regras do xogo se non son con consenso, retirou naquela ocasión a proposta de modificación da lexislación electoral galega.

Polo tanto, di que do que están agora falando non é de contido. O contido o PP pode facer a proposta que estime oportuno e eles poden facer a que eles estimen. O que están debatendo e o que está enriba da mesa, e o que está poñendo en risco a democracia, é que eles están sentando un precedente, están rompendo o consenso constitucional e propoñendo que calquera grupo político que considere que ten unha exigua maioría absoluta, se permita establecer as regras do xogo en solitario.

Esa é unha posición moi grave, e gustaríalle saber se esa mesma posición a van soste no caso de que se celebre un referendo en Cataluña. Pregúntalle se estaría tamén a prol se sae a proposta por un 51%, se consideraría que esa é unha maioría suficiente, pois dilles que o mesmo pasa coa lexislación electoral, hai cuestións que non se poden aprobar por unha maioría exigua.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre dille á concelleira socialista que non por máis gritar vai ter máis razón, asegúrallo, pero o que tamén lle di é que o que a todos lles ten quedado clarísimo é que ela se preparou ben e concienzudamente esta moción. O teñen todos clarísimo. Pero dille que ela que se prepara debe ser moi boa estudante, e el a aprecia por ser tan boa estudante para en xuño defender con vehemencia unha cousa e en setembro defender con vehemencia outra.

A el parécelle ben, pero que o problema é que hai dous meses presentaron unha moción dicindo unha cousa, e agora presentan outra moción dicindo a cousa contraria. Ela pode utilizar todos os argumentos que ela queira, o que está claro é que ela en xuño dixo unha cousa e en setembro dixo outra e aquí están, di que aquí ten a moción co logo do PSOE, nin sequera a transcribiu, está simplemente sinalada, e ten tamén a moción de EU, e di que as leu textualmente. Entón, dilles que vendan aos veciños o que queiran, pero que en xuño lles venderon unha cousa e en setembro lles venden outra. Cando se aclaren e saiban o que queren, entón poderán falar, pero senón é moi complicado. De verdade di que el se vai aforrar os seus argumentos, porque é como defenderse contra a nada, porque un non sabe se en xuño lles van dicir unha cousa e en setembro lles van dicir a contraria.

De verdade pregunta que discusión vai facer, que debate van provocar. Non hai ningún, non hai debate posible, porque cambian de chaqueta dun día para outro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao concelleiro socialista don José Manuel Lemos Seoane que non lle vai permitir insultos a ningún.

Don José Manuel Lemos Seoane di que pide desculpas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, dille ao Sr. alcalde que, se non lle importa, vaise dirixir directamente a el, porque ante a cantidade de barbaridades e mentiras ás que lle ten acostumado o voceiro do seu grupo, prefire dirixirse a el con todo o respecto e con intención ademais de deixar clara a súa postura ante este tema.

Di que xa que están falando claro, van falar claro do que é realmente, e tampouco pasa nada. Hai unha proposta do PP que entende que o equipo de goberno defenderá, que está na súa axenda política, e que agardan que sexa algún dos puntos do programa do PP e do diario do PP que se cumpren. De todos os que non se cumpren, di que a ver se isto se cumpre. Está no seu ideario, do que EU está en contra, pero ben.

Falando claro e falando cousas reais e cousas certas, e tendo en conta cal é a proposta que o PP pon enriba da mesa, o único que poden dicir é que isto é un golpe de Estado. Esa proposta é un golpe de Estado á democracia municipal, non ten outro nome. Gustaralles máis ou gustaralles menos, pero é o que é.

Di que o obxectivo do PP con esa proposta é facer desaparecer, volatilizar, o control democrático do Pleno sobre a acción do alcalde. Agora o alcalde xa non vai ser un alcalde, agarda que non lle tome a mal o que lle vai dicir, porque poden ler a definición e promételle que non llo di despectivamente, o alcalde vai pasar a ser un cacique.

Cacique, segundo a Real Academia Española da Lingua, é a persoa que nunha colectividade, que pode ser este concello, exerce un poder abusivo, que é o que está nesta proposta. Cacique é a persoa que nun pobo, comarca ou concello, como pode ser Cambre, exerce excesiva influencia en asuntos políticos. Por iso dixo antes que non o di con ánimo despectivo, é unha definición do que vai ocorrer se isto se aproba.

Continúa dicindo que o obxectivo do PP é facer desaparecer esas voces alternativas, por iso dixo que lía a moción a pesar de ser similar á do PSOE, porque as súas voces o obxectivo do PP é que desaparezan, entón, mentres poidan falar, van facelo, e cando non poidan tamén falarán. Ese obxectivo é facer desaparecer as súas voces nas decisións da política municipal, para poder consolidar esa rede clientelar e esa rede corrupta do PP nas institucións, e sen deixar probas e sen deixar testemuñas.

Esa reforma o que vai facer é que vai acabar coa democracia nos pobos, simple e claramente, non ten máis volta. Calquera veciño ou veciña, ou calquera concelleiro que non sexa desa lista máis votada, non vai poder falar, non será escoitado, non terá representación no pleno. A día de hoxe os grupos da oposición farano mellor ou peor, cometen acertos e tamén erros, pero detrás deles hai moitas persoas que os votaron para ser a súa voz e loitar polos seus dereitos. Esa representación é a que non concibe o PP. O resto dos grupos moléstanos, incomódanos, e para solucionalo, en lugar de dialogar, en lugar de falar, acaban con eles. Pregúntalles como se chama iso, democracia non, non se chama democracia, terán que chamalo polo nome que ten.

Acaba de dicir o alcalde respecto da moción de UxC unha frase que a ela a deixou

pasmada, como se adoita dicir. A buscar a legalidade o alcalde chamoulle buscar as cóxegas.

O PP, neste punto no que están, a poucos meses das eleccións municipais, fixo as contas. Trasladou os resultados das eleccións europeas ás vindeiras eleccións municipais, e deuse conta da cantidade inxente de alcaldías que, trasladando esas contas, vai perder. Entón, que fan, non poden deixar a súa cadeira, cambian o sistema electoral. De que forma? Pois posibilitando que os grupos políticos do bipartidismo designen alcaldes ignorando a decisión da maioría, de modo que o que se perde nas urnas, gáñase con trampas electorais antidemocráticas. Modificando unha lei tan importante, como dicía a compañeira do PSOE, sen consenso, que é o que vai pasar, e poucos meses antes das eleccións, dunhas eleccións nas que ademais eles saben positivamente que o pobo vai votar e vai apoiar á esquerda alternativa social, porque así se está pronunciando. Pregunta que van ter a partir dese momento, porque si é necesario falar claro. Se iso ocorre, pregunta que vai pasar aquí. Van ter un concello, o Concello de Cambre, no que ninguén vai ver nada, ninguén vai preguntar, ninguén vai controlar, ninguén vai criticar, o que se faga no concello non vai poder ser cuestionado, e a casa do concello vai ser a casa do cacique neste caso, e seguen coa definición.

Tamén lle di a quen se sente nesa cadeira, utilizando esta reforma, que EU vai estar en fronte dese alcalde ou dese cacique e vai facer fronte a todas as políticas que se aproben sen consenso, a todas as actuacións políticas emanadas dunha lei absolutamente fascista. Os concellos, e téñeno aquí defendido todos, uns e outros, porque niso si que están de acordo ou deberían estalo, son as administracións máis próximas. Eles están todos os días aquí e ás súas portas chaman os veciños. Os veciños non van chamar ás portas de Feijoo, os veciños non van chamar á porta de Rajoy, veñen chamar aquí, a estas portas e veñen a chamalos a eles, aos seus teléfonos. Constantemente lles entran peticións, chamadas, correos electrónicos e iso é o bonito, é a parte fermosa que a moitos lles tira, a ela persoalmente lle tira, da política municipal, que tes esa conexión e esa proximidade cos veciños.

Di que iso vai desaparecer. A idea é primar ao candidato da lista máis votada, que non ten maioría nas urnas. Ademais hai como una especie de proposta de outorgar unha prima adicional de concelleiros, nin é proporcional, nin é democrático, diga o que diga o Sr. Andreu. Porque o pleno, aquí, onde están agora, é o lugar onde os partidos, asociacións de veciños, organizacións non gobernamentais, poden fiscalizar e coñecer, preguntar e propoñer nas accións do Goberno. Por iso é necesario un pleno plural, un pleno, como dicía o Sr. alcalde, plenipotenciario, aberto, participativo, transparente. Non pode estar monopolizado nas mans dun partido cunha minoría de apoio social.

E xa, simplemente como comentario, entre Orihuela e Sada, está Santiago, dille ao Sr. Andreu e preguntalle se iso tamén é democracia.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que dende o seu grupo, procurando ser o máis breve posible, porque en parte aquí xa se dixo moito, manifestar a súa incredulidade, dende a camaradería e o respecto o di, diante da votación a respecto destas mocións por parte de determinada

xente que ben poderían chamar concelleiro suicida, porque realmente alguén está aquí votando en contra da representatividade que en certa maneira representa e atesoura a pluralidade dun concello. E a eles, o BNG, que son en Cambre una forza minoritaria, gústalles que Cambre sexa un concello plural, gústalles que Cambre sexa un concello diverso, gústalles para Cambre e gústalles para o resto do país, porque lles gusta a democracia e nunca miran a democracia, a pluralidade, a liberdade e a diferenza de ideas como algo malo ou como algo negativo. Porque desa reforma electoral da que se está a falar e non se concreta de momento, tamén quedan varias preguntas sobre cal sería o papel do Pleno á hora, non xa de elixir, porque non elixiría, senón de fiscalizar, controlar e en tal caso reverter o papel do alcalde. Pregunta quen establecería ese control, pois parece que se priva á Corporación dalgún dos seus actuais mandatos máis básicos e elementais.

El particularmente di que vai referirse agora de maneira breve á moción que trouxo aquí o grupo socialista para dicir dúas cousas. Dende a súa óptica ao respecto do papel que ten o Partido Socialista en todo este proceso, ao seu modo de ver, e fala a nivel persoal, é fundamental e capital a actitude que teña a nivel estatal á hora de parar esta reforma. E el non pode menos que manifestar a súa contrariedade pola notifica, á que se fixo referencia neste pleno, de que o Partido Socialista que ata o de agora se negaba a abordar unha serie de cuestións e de debates sobre unhas pretendidas medidas de hixiene e rexeneración democrática co Partido Popular, o que anuncia hoxe é que quita do debate a posible reforma de lei electoral municipal, para negociar outro tipo de cuestións, co cal o que está facendo, dalgunha maneira, é baixar o pistón de presión sobre o Partido Popular, de quen el nada espera.

E da mesma maneira que di iso do Partido Socialista, tamén a el lle apetece hoxe dicir publicamente que el cre que en 35 anos de democracia parlamentaria en España, ningún partido chegou a atesourar tanto poder como tivo o Partido Socialista no seu día, e ningún partido chegou a ter, como tivo no seu día o Partido Socialista, un proceso de desgaste a nivel xeral tan grande, e nunca se lle ocorreu ao Partido Socialista, como si fai agora o Partido Popular, modificar a lei electoral para dalgunha maneira levar a auga ao seu rego. El cre que iso tamén é xusto recoñecelo, recoñecer a valía duns, e recoñecer tamén a miseria doutros, porque é que realmente isto non ten outro nome.

Continúa dicindo que se falou aquí de Orihuela. A el parécelle estupendo que no pobo de Miguel Hernández teñan un alcalde de IU, aínda que só o votaran 3.000 veciños, en parte xa o dixo a concelleira de EU, os 3.000 veciños de Orihuela que votaron ao seu alcalde, son xustamente 3.000 veciños máis que os que votaron ao alcalde de Santiago, que non o votou nin o Apóstolo. Di que niso ás veces tamén hai que ser minimamente coidadoso.

Neste momento, e ante unhas palabras do voceiro popular, don Daniel Carballada Rodríguez interrompe o seu discurso. O Sr. Andreu sinala que non era nada, polo que o voceiro do BNG continúa dicindo que para que non queden dúbidas, ou se diga nada, di que o BNG é unha forza pequena, cre que teñen 800 votos ou cousa así nas anteriores municipais en Cambre, loxicamente os 800 votantes do BNG quererán que sexa alcalde o cabeza de lista do BNG, como quererán os votantes do PP que sexa alcalde o cabeza de lista do PP, pero o que si lles di, el non pode falar loxicamente por

eses 800 votantes que votaron polo seu grupo, pero cre que a inmensísima maioría deles, querendo que sexa alcalde o cabeza de lista do BNG, o que non queren é que sexa alcalde o cabeza de lista do PP, e niso se basea unha democracia que ten un carácter claramente proporcional, e que acaba sendo máis participativa. Di o PP que co 40% xa está, pero non, porque de momento, mentres non modifiquen as leis educativas e todo ese tipo de cuestións que se traen coa lei Wert e demais, de momento 60 segue sendo máis que 40, e o acordo, o entendemento e o pacto, forma parte da cultura política básica en democracia. É o que se leva en Europa, son acordos que chegan en países como Holanda, como Reino Unido, como a propia Alemania, gobernos de coalición.

Segue dicindo que o problema do PP é que non teñen con quen coaligarse, non teñen con quen acordar, non teñen con quen chegar a ningún tipo de entendemento, máis que co gran capital, coa patronal e con algún amigote que pillan por aí polo camiño para non se sabe moi ben que.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o seu grupo vai votar favorablemente a esa proposta de EU, como votaron tamén a prol da proposta do Partido Socialista. Insiste, o BNG é unha forza pequena, EU e nomeadamente o PSOE teñen moitísima máis forza que eles a nivel estatal, e a eles os empraiza, xa non como representantes nin militantes do BNG, senón como cidadáns aos que lles gusta a democracia e que queren vivir nun sistema que se diga minimamente democrático, a que non se modifique unha lei dunha maneira tan torticera e tramposa.

O Sr. alcalde agradece ao Sr. Carballada a súa intervención e dille que menos mal que ía ser breve. A continuación dálle a palabra ao voceiro de UxC.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que se falan de pequenos, eles si que son pequenos, son os máis pequenos de todos, pero non escoitaron a ningún dos grupos políticos algo tan importante, pensan eles dende a súa óptica máis pequena. Eles pensan que as propostas de reforma sempre son boas, sempre que sexan xustas, por suposto. O Sr. Andreu falou de participación cidadá, o que non escoitaron a ninguén é por que non fan unha consulta popular. Queren reformar algo tan importante como isto, pois entón dilles que fagan unha consulta popular, UxC estará de acordo co que saia nesa consulta popular, pero pide que a fagan. Que todos os cidadáns teñan o dereito de votar esta reforma, e non só os partidos políticos representados no Parlamento. É algo tan, tan importante, que cre que todos os cidadáns terían ese dereito de facelo, dende logo non aproveitando unha maioría parlamentaria como ten o PP e para poder levar adiante isto.

Conclúe dicindo que o seu voto é a prol da moción, como non podía ser doutra forma.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que quere comezar a súa intervención dicindo que oxalá haxa un consenso para a reforma da Lei electoral entre os dous grupos maioritarios do Congreso dos Deputados, que son o PP e o Partido Socialista. E dito isto, entende que algo haberá que facer para que non pase o que pasa en moitos sitios.

Di que el non vai entrar a valorar se é xusto que un alcalde que consegue o 40% dos

votos sexa alcalde, non sabe se é democrático, o que si cre que é iso é máis democrático que non que dúas ou tres forzas, que ao mellor non chegan ao 20%, se unan para derrotar ao candidato máis votado.

Efectivamente están falando de elección de alcalde, e os veciños cando van votar, van votar a quen queren que sexa o alcalde do seu pobo ou da súa cidade, e cando hai unha lista máis votada, haberá que respectar a vontade do pobo. Porque ademais os veciños o que si queren é un goberno, e ao final, o que acaba pasando cando hai os pactos, dous ou tres partidos, acaba habendo dous ou tres gobernos, o que vai en prexuízo dos intereses dos veciños.

Conclúe dicindo que el segue manifestando o que sempre ten manifestado, que quen ten que ser alcalde é o candidato da lista máis votada, e a oposición ten que facer o seu traballo, que é fiscalizar o traballo do Goberno. Imaxina que poderán presentar rogos, preguntas e mocións, imaxina que non os van calar e modificar o que é a organización dun pleno e, por iso, nada máis, vai votar en contra da moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, en primeiro lugar, quere contestarlle ao Sr. García Patiño que o PP levaba esta proposta no seu programa electoral, e os veciños déronlle a maioría absoluta, e co programa electoral co que os veciños lle deron a maioría absoluta fará o que teña que facer, para iso ten unha maioría absoluta e un programa electoral. O único que está facendo é procurar cumprilo.

E agora, sen ánimo de crispas, di que vai ler textualmente: “A complicada situación interna do PSOE e as imposicións de UxC, quedaron aínda máis patentes cando o 27 de marzo Luis Taibo recibiu unha chamada de Óscar García Patiño ofrecéndolle a Alcaldía do goberno alternativo. Dixo que como o PSOE non se clarificaba nas súas posturas, eles como grupo, incluso en asemblea, deciden ofrecerme a Alcaldía.”

Pregunta se iso quere dicir que é democracia, pregunta quen quería elixir ao alcalde de Cambre, pregunta se eran os veciños os que querían elixir ao alcalde de Cambre. Non, era un grupo de persoas, non se sabe moi ben cantas, pero eran un grupo de persoas, a maioría sentadas nesta mesa, neste pleno, os que querían elixir ao alcalde de Cambre, non eran os veciños, nin a maioría dos veciños, eran cinco, seis, sete, dez veciños os que querían elixir ao alcalde. Este non, porque como non se poñen de acordo, entón imos ofrecerllo a outro.

Di que esa era a situación de Cambre, non era doutro concello. Esa era a situación de Cambre o ano pasado, e iso é o que os veciños non toleran, que se comercie con esas cousas. Iso foi o que pasou, textual, non engadiu nin unha palabra, nin quitou outra. Textual, o que pasou no Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que, entón, o que pretende esa reforma da lei electoral é precisamente evitar estas situacións.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que vaille contestar primeiro ao Sr. Andreu. Dille que ten razón que se prepara os temas, e este especialmente, porque o coñece en profundidade. Lamenta que el non os prepare,

neste caso non o preparou, tivo que recorrer a unha utilización torticera dun extracto, a extrapolar un extracto dunha moción para intentar interpretala, intentar sacar de aí unha contradición entre o posicionamento do Partido Socialista nesa moción e na actual, contradición que non existe.

Di que non vai entrar a discutir máis sobre se existe unha contradición. Os cidadáns teñen colgados en internet resumo dos plenos, e teñen á súa disposición as mocións, son públicas, quen queira que se achegue, para que vexan como o Sr. Andreu está usando dunha maneira moi torticera o dito nesas mocións. Iso para empezar.

En segundo lugar, gustaríalle esquecerse do que o Sr. Andreu acaba de sinalar. Dille que a primeira vez que se formula esta proposta polo Partido Socialista, a elección directa do alcalde, eles si que propoñen a elección directa do alcalde, non o que o PP propón, e non se cansará de dicilo. O que o PP propón é que un partido que teña sido votado maioritariamente, que non teña maioría absoluta, senón maioritariamente, por lei saia elixido alcalde como se tivera maioría absoluta. Iso é un pucherazo.

O que se ten producido dende ese momento ata o actual é unha serie de reformas na Lei orgánica de réxime electoral xeral que o que teñen feito é que exista unha maior estabilidade dentro dos concellos. Esa suposta inestabilidade á que o PP fai referencia e á que atinxen sempre para xustificar co fin de intentar venderlles gato por lebre con esta reforma, que é a suposta inestabilidade dos concellos, que parece que aquí están todo o día coas mocións de censura, iso hai tempo que se ten resolto. O Sr. Andreu sabe as limitacións que existen na presentación das mocións de censura.

De feito vaille dicir unha cousa, o que propón a lei, o que prevé a lei, é que se hai unha maioría suficientemente ampla a través do acordo e pacto entre outras forzas que son representantes dos cidadáns, o suficientemente ampla como para que teñan maioría absoluta, que gobernen. E se non a hai, a lei xa prevé que governe a lista máis votada. De feito pregúntalle quen goberna en Cambre. O PP, non por votación dos concelleiros, senón por lei.

Pídelle ao Sr. Andreu que non a interrompa, e continúa dicindo que gobernan por lei. Se outra forza política, dálle igual que se ofrezca a Luis, a Óscar, a quen sexa, outras forzas políticas logran un consenso suficiente en representación dos cidadáns, o suficientemente amplo como unha maioría absoluta, para impoñerse na primeira votación, é absolutamente lexítimo. O problema é o que sinalou o Sr. Carballada, o PP non ten esa capacidade de pacto, e non teñen capacidade de pacto polo que o Sr. Andreu acaba de sinalar, iso de que o levan no programa electoral. Dille que o programa electoral o votou unha maioría absoluta, pero iso non significa que poidan levalo a cabo na súa totalidade, porque hai cuestións que requiren un maior nivel de consenso que non unha maioría absoluta. Dille que ese é o problema, que o Sr. Andreu non comprende, e ese é o problema do PP, que non comprenden as entrañas da democracia e as entrañas fundamentalmente do consenso constitucional.

O Partido Socialista no ano 2004 e no ano 2011 levaba a elección directa do alcalde. Non conseguiu o acordo dos outros grupos políticos para levalo a cabo e simplemente non o presentou, e levou a cabo unha reforma cun apoio amplísimo, a do ano 2011, da Lei orgánica do réxime electoral xeral, apoiada pola maior parte dos grupos políticos.

O que está proponendo o PP con esa reforma é, e iso quere que o comprendan os cidadáns, moi grave. Está levando a España a unha situación política de frentismo, o que existía antes do consenso constitucional. E por último, di que lle gustaría aclararlle aos cidadáns que os están a escoitar aquí o que significa un sistema proporcional e o que significa un sistema maioritario. O que pretende o PP é cambiar o sistema proporcional polo maioritario.

O sistema proporcional o que significa é que a representación dentro desta Corporación vai ser proporcional aos votos, é dicir, que van estar representadas o maior número posible de forzas e que vai haber unha proporción o máis directa posible entre o número de votos que se reciben e os concelleiros que se teñen.

O que pretende o PP é pasar a outro sistema, que existe noutros países, pero que en nada consegue os obxectivos que alegan, que é o sistema maioritario. O sistema maioritario o que consegue é que aínda que soamente se teña un voto de máis, ofrecerlle todos os escanos, e iso ten unhas condicións para producirse que non son estas. É tan chapuceira esta reforma que nin sequera ten en conta nin a representación, nin tan sequera ten en conta as consecuencias que produce, como aquí ben acaba de sinalar o Sr. Carballeda, as consecuencias que produce dentro da organización da propia institución. É unha reforma á présa e correndo, coa intención única e exclusivamente de dar un pucherazo electoral.

Conclúe pedindo que deixen de enganar á xente, que non mellora a representatividade, non van estar mellor representados os cidadáns, non o van estar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que vai intervir máis que nada por alusións do Sr. Andreu, que para el, o ratifica unha vez máis, é especialista en violentar os plenos neste concello. Nada máis que se vai referir, así por encima, ao tema ao que fai sempre referencia, porque hoxe mesmo nos medios de comunicación referíase tamén ao proceso de moción de censura. El o que di é que cada grupo é libre democraticamente de establecer as negociacións con quen queira, para acadar os resultados que queira levar a cabo. Cada un é moi libre, igualmente que o PP tivo a liberdade, e o di co máximo respecto, de negociar e chegar a acordos cun grupo, cun concelleiro que é o que menos votos ten neste concello e é o terceiro tenente de alcalde, e ten un poder significativo neste concello. E reitera que o di dende o máximo respecto. Igual que o PP negociou co Sr. Marante e co seu grupo, ese mesmo dereito o teñen o resto dos grupos para chegar a acordos e elixir alcalde a quen queiran. Pregúntalle ao Sr. Andreu se vale.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que tamén simplemente por aclarar un tema. O equipo de goberno sabe que están gobernando cos votos de UxC, que a principios de lexislatura facilitou que o PP estea gobernando. Iso é verdade, cre que foi así ao principio de lexislatura, e as conversas que tivo o PP con UxC para entrar no Goberno sempre foron as mesmas. UxC non ía entrar no Goberno pero ían deixarles gobernar, porque viñan dunha lexislatura demasiado convulsa, unha lexislatura demasiado difícil e UxC cría, ademais, que cun alcalde que non viña da política e non tiña sufrido todo aquilo, ían gañar os veciños e veciñas de Cambre. Fixeron un exercicio de responsabilidade, outra cousa é que teñan ou non

acertado, pero polo menos o teñen feito o grupo de UxC, en asemblea e tomada democráticamente a decisión. Non tiveron problemas naquel entón.

Hai un ano, e por unha cuestión de confianza provocada polo Sr. alcalde, non por UxC nin por ningún dos grupos que están aquí, decidiron ver a posibilidade de cambiar o Goberno tal e como o estaban facendo. Para UxC non o estaban facendo ben. Dentro desas conversas e cando se chegou ao punto de elección de alcalde, di que el si lle dixo a Luis que por parte de UxC el podía ser un candidato, e o di aquí abertamente, non hai ningún problema, con base na experiencia que tiña, foi así, e hoxe o di igual, quere dicir, se mañá se ten que volver a sentar, Luis pode ser un candidato dentro dos demais. Pode ser, o dixo e así é. Pero non entran nun Goberno a calquera prezo, que é o que quere deixar patente o Sr. Andreu.

Di que non o fixeron con eles, porque podían ter entrado con eles e non quixeron, e non o fixeron despois, precisamente porque fan un acto de responsabilidade e o que queren é o mellor para os veciños e veciñas de Cambre. Pídelle ao Sr. Andreu que non veña violentando os plenos con esas frases, igual sacadas de contexto, porque non veñen a conto e non é así.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que iso de violentar cando está lendo textualmente, ao mellor é que aos demais non lles gusta escoitar as verdades, porque é que se fora unha opinión del, podería entendelo, que dixeran que está intentando violentar, pero é que a maioría da súa intervención foi ler cousas textuais, unha do PSOE, unha de EU, outra dun xornal. Ler cousas textuais. Outra cousa é que eles non as queiran oír. Outra cousa é que lles pareza mal que os veciños teñan coñecemento do que fan, porque ao mellor ese é o problema.

Di que ao mellor ao Sr. Taibo lle parece razoable que se fagan esas cousas, pero as leis están para cambiarse. Dicía que é lexítimo facer esas negociacións, non, lexítimo non é, é legal, porque son as regras do xogo, pero lexítimo non. Lexítimo sería que presentaran unha coalición electoral e que lle dixeran aos veciños que os votaran porque son os que van gobernar, a todos en conxunto, que son os que van gobernar. Non dicir vóteme a min e despois xa verei a quen nomeo de alcalde e quen goberna en Cambre, xa o decidirei eu tomándome un café con outro.

O Sr. alcalde pídelle que vaia rematando a súa intervención.

Don Felipe Andreu Barallobre continúa dicindo que iso foi o que pasou en Cambre, e iso é o que pasa con esta lei, e por iso en Orihuela hai un alcalde que sacou o 10% dos votos.

O Sr. alcalde volve rogarlle que termine. Di que lles ten dado dúas roldas a cada un e cre que é o momento de pechar o debate coa votación. Cada un que vote o que queira, todos interviron dúas veces.

Dona M^a Olga Santos López sinala que ela non.

O Sr. alcalde contesta que ela non, pero que o grupo de EU si interveu dúas veces.

Ante as manifestacións doutros concelleiros, o alcalde pide orde e sinala que o único que pode falar neste caso é o grupo de EU, que é o que presentou a moción que están discutindo e é o que ten que pechar a moción.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, pregunta cantas veces interveu o PP. Di que falou máis de catro, e o Sr. alcalde o sabe.

O Sr. alcalde sinala que foron dúas, que lle chamou a atención.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que ao final se estudan os temas ou non os saben estudar moi ben, niso dálle a razón ao Sr. Andreu.

O Sr. alcalde dálle á palabra a dona M^a Olga Santos López.

A concelleira de EU manifesta que xa que vai de ler parágrafos, vai ler un parágrafo tamén, do Sr. Andreu no seu Facebook. Como aquí se trata de ler cousas e de sacalas de contexto, pois van ler cousas e sacalas de contexto. Di que o 26 de febreiro publicou que “hoxe ten sido un día bastante emocionante, a primeira hora agardaba moitos reproches, pero ao longo do día o que teño encontrado foron moitos apoios. A todos os que o fixestes, ou o tedes pensado, grazas. Prometín deixar a política no momento no que a política puidera cambiarme ou cando tivera que defender cousas nas que non creo, e ambas cousas están pasando.” Dille que van nove meses, a ver se a deixa.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que o deixe, que ao mellor está a pensalo.

Dona M^a Olga Santos López respóndelle que mira que tarda en pensar.

O Sr. alcalde pide orde ao Sr. Andreu e á Sra. concelleira, que lle di que aínda non rematou. O Sr. alcalde dille que de acordo, que peche a súa intervención.

Dona M^a Olga Santos López continúa dicindo que dicía tamén o Sr. Andreu, que ao final provoca que se dirixa a el, porque é de xulgado de garda este señor. Dixo que lles doía moito escoitar verdades. Ela dille que non xogan coas mesmas regras, xa coa actual Lei electoral non están xogando coas mesmas regras. EU, UxC ou o BNG, non teñen o diñeiro que ten o PP para enfrontarse a unha eleccións municipais, non o teñen, sacado de financiamento ilegal, por outra parte, pero non o teñen.

Di que non teñen diñeiro para coller, que é o que está pasando a día de hoxe, a centos de persoas, e no pobo dos seus avós pasa, porque ela o viu, e metelas en autobuses, e fretar autobuses de anciáns e de persoas maiores e levalos a votar co sobre no peto, coa lei que teñen hoxe. O día que se aprobe a nova lei, e agora xa falan en serio, pregunta que vai pasar, non van fretar autobuses, van fretar avións, porque diñeiro haino. Pídelles que non fagan demagogia e que deixen de dicir parvadas. Pídelles ao Sr. Andreu que deixe a política, que é o que ten que facer. Pide que deixe de dicir mentiras, que deixe de poñer en boca dos outros grupos cousas que non están dicindo. Pide que sexan coherentes e que digan que o que queren é gobernar baixo o réxime do fascismo. Di que se acabou.

O Sr. alcalde rógalle silencio ao Sr. Andreu.

Dona Margarita Iglesias País pregúntalle ao Sr. alcalde cantas veces ten que chamar á orde ao Sr. concelleiro para cumprir coa lei, co regulamento orgánico municipal. Pide unha cuestión de orde. Di que pode exercer e pedir unha cuestión de orde en calquera momento. Expón que segundo o Regulamento orgánico municipal, á terceira chamada de atención o concelleiro ten que ser expulsado do pleno. Pídelle ao Sr. alcalde que aplique o regulamento.

Cando son as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, don Felipe Andreu Barallobre abandona a sesión a petición do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde manifesta que a el pódennlle chamar cacique, que non pasa absolutamente nada, poden insultalo que non pasa nada. Di que a xente que o coñece, e ten 62 anos, xamais o ten acusado de cacique, poden telo acusado doutras cousas, pero de cacique xamais.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro de PdeC integrante do GM. E abstense o concelleiro do PDG integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1647/2014, do día 1 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 4 ao 14 de agosto, ambos os dous incluídos, funcións que serán exercidas pola primeira tenente de alcalde dona María Jesús González Roel, en virtude da delegación de funcións efectuada nela por esta Alcaldía segundo resolución número 1.640 de data 30 de xullo do ano que andamos.

Segundo: Avocar esta Alcaldía a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 15 ao 22 de agosto, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Terceiro: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1797/2014, do día 14 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocío Vila Díaz dende o día 18 ao 31 de agosto de 2014, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1810/2014, do día 20 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar esta alcaldía a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús González Roel dende o día 19 ao 29 de agosto, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1835/2014, do día 26 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Marta María Vázquez Golpe dende o día 26 de agosto ao 11 de setembro de 2014, ambos os dous incluídos, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1931/2014, do día 8 de setembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama dende o día 6 ao 21 de setembro de 2014, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7013 o día 6 de setembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños do Temple as carencias que sofren os accesos polas escaleiras á parte baixa do Paseo Marítimo na zona do Graxal. As persoas con capacidades físicas limitadas ou con mobilidade reducida teñen problemas para subilas ou baixalas, toda vez que non existe ningún elemento de suxeición onde poder agarrarse ou apoiarse.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo á demanda efectuada, se dote de pasamáns aos tramos de escaleira que comunican ambas partes do paseo marítimo do Graxal.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, expón que el reclamacións desas non ten, pero mandou que lle presentaran un orzamento para poñer uns pasamáns alí.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que, como verá, o problema que teñen é que os laterais son moi baixos e non poden servir de elemento de apoio para que a xente baixe. Faise imprescindible que se dote a aquilo de pasamáns ou algo no que sobre todo a xente maior poida apoiarse.

Don Manuel Marante Gómez reitera que xa se pediron orzamentos.

2º Veciños do Graxal comunicánnos o perigo existente para a seguridade viaria no cruzamento entre a rúa Tapia e a entrada á rúa Constitución. Nese punto atópase situado un semáforo (entrando na rúa Constitución á man esquerda) que induce a erro aos peóns que cruzan o paso de peóns existente. A súa colocación é deficiente por canto as luces que dirixen a circulación dos vehículos confúndense coas destinadas a informar da posibilidade de cruzamento aos peóns.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo ás demandas veciñais, se amañe o referido semáforo para evitar as confusións que ocasiona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que disto tamén é a primeira noticia que ten, pero xa lle dixo á Policía que mirase para ver se hai algún problema, para resolvelo. Agarda que nesta semana ou na que vén lle digan algo, e ver se hai que facer algunha modificación no semáforo ou coa sinalización. Mandoulle á Policía que lle fixera unha valoración do tema.

Dona Maria Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, aclara que está como mal orientado. Se se poñen na situación do peón é como realmente se comproba, en coche non se ve, como o ven é cando intentan cruzalo. É como unha mala orientación do semáforo.

Don Manuel Marante Gómez preguntalle se é o cadro do peón ou o cadro dos coches.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro dille que o dos coches.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se é o que está metido na rúa Constitución, na esquina, ao que lle contestan que si. O Sr. concelleiro manifesta que de acordo.

3º No fin da rúa Otero Pedraio, na confluencia co polígono do Temple, comeza unha senda peonil que, pola beira do chamado Rego de San Pedro, discorre en dirección ao paso inferior baixo a autoestrada AP-9 e A Coutelana. Este paso é utilizado habitualmente polos veciños que, cos seus fillos, se dirixen á zona do colexio Portofaro. Na actualidade o citado paso presenta unha imaxe de abandono e falta de mantemento: a maleza teno invadido e atópase cheo de residuos e lixo.

Por todo iso, solicitamos se adopten as medidas oportunas para arranxar e limpar a citada senda e o seu redor, permitindo o seu uso polos peóns da zona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

Rogos do UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/7012 o día 6 de setembro de 2014.

1º Son bastantes as demandas de veciños que nos fixeron chegar referente á recollida de lixo, en concreto a que os colectores non son suficientes, e que a recollida de lixo non foi a adecuada nestas datas, vendo como hai bolsas no chan que o camiión non recolle e colectores de papel a rebordar. Este asunto xa se tratara en pleno e segue acontecendo.

Solicitamos que se nos informe se o Goberno municipal tivo denuncias deste tipo e que fixo para que non volva acontecer.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que naqueles puntos onde houbo algunha reclamación dalgún veciño por problemas dese tipo, e doutro tipo, que tamén hai algunha reclamación, se lle pasan todas ao Consorcio. Ata agora, que el saiba, fóronse resolvendo. Pero pode haber algún veciño que non pasou por aquí, que o dixo na rúa, e ao mellor se lles teña pasado ou algo, por iso el lles agradecería que lle dixeran puntos concretos para poder resolvelos. Agradecería que llo dixeran cando poidan, ou se os teñen hoxe, pois hoxe, pero mellor que lle digan puntos concretos, porque en xeral non adoita haber moitas queixas, pero efectivamente que hai ás veces puntos onde hai problemas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que agora non os ten aquí, pero vaille traer se pode unha lista cos sitios.

Por outro lado di que tamén entende que por parte do Consorcio aínda non houbo ningún tipo de resposta sobre esas reclamacións feitas por algúns veciños que lle enviaron.

Don Manuel Marante Gómez dille que si, que xa foi solucionado. Cando é á solicitude

dun veciño se lle manda unha carta para dicirle que se traslada ao Consorcio, e cando o Consorcio contesta se lle transmite ao veciño a contestación do Consorcio.

2º Solicitamos se nos informe se o Goberno municipal ten contratado o mantemento das pistas polideportivas ao aire libre, ou se ten pensado contratar este servizo, xa que o estado das pistas é lamentable.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que este contrato non está en vigor dende o ano 2009, e si teñen pensado sacalo a contratación en breve.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, infórmalle que hoxe teñen presentado máis de 200 sinaturas de veciños do Graxal polo tema da pista polideportiva do parque Ramón Barba, cuxo estado é lamentable, dende que caeu unha árbore está todo o valo que é perigoso incluso.

Don Fernando Caride Suárez expón que son conscientes e, de feito, o informe desa pista polideportiva está datado do 30 de maio, o que pasa é que por motivos obvios non se puido contratar aínda, non había partida orzamentaria porque estaban nun período sen orzamento.

3º Solicitamos se nos informe do resultado do estudo que segundo a concelleira de Urbanismo se ía realizar dos paneis publicitarios.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que se atoparon que existen uns 20 paneis publicitarios que non teñen regulado a súa situación, dos cales un xa tiña aberto un expediente de disciplina. Pertencen a seis empresas diferentes, as teñen todas localizadas e, en breve, pasarán a abrílles os correspondentes expedientes de reposición da legalidade.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se lles poden pasar ese informe.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que si.

Rogos do EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6925 o día 4 de setembro de 2014, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Tendo en conta os múltiples problemas que xorden ano tras ano na campaña de roza para o acondicionamento de camiños e infraestruturas municipais.

Pregamos ao Goberno estude a posibilidade de adquirir mediante compra ou aluguer, a maquinaria precisa para realizar os traballos de roza, co fin de garantir o uso e mantemento das infraestruturas viarias nas mellores condicións para o uso público.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o problema de adquirir a maquinaria é que leva consigo tamén a necesidade de ter persoal para

despois traballar con ela. A maquinaria nese tipo de traballos adoita ter bastantes problemas de avarías, logo veñen as tardanzas igual. De todos modos, o concello ten un tractor que algún dos traballadores da brigada de Obras e Servizos sabe andar con el e utilízalo, e para cousas puntuais utilízase sen ningún problema.

Continúa dicindo que para a totalidade do municipio el cre que é mellor seguir co sistema que están seguindo, contratalo, iso con independencia de que este ano houbera os problemas que houbo, porque se pretendían facer dúas rozas e houbo os problemas que houbo coa primeira empresa, e están agora os camiños como están. Agarda que a finais deste mes queden todos rozados. Debían ter empezado en xuño e acabar en xullo, non foi así polos problemas que houbo coa primeira empresa.

Cre que o que si seguramente haberá que mirar, se fan esas dúas rozas, é tratar de facer unha en maio ou por aí, adiantalos un pouco máis no tempo, unha en maio e outra en setembro ou outubro, e cre que se resolve o problema mellor que comprando maquinaria e demais. Di que iso se tiña valorado, o de comprar a maquinaria e o tema do persoal, pero non, a maquinaria dá moitos problemas nese tipo de traballos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que eles o solicitaban, pero xa lles di o Sr. concelleiro que hai un estudo feito sobre a viabilidade de adquirir unha maquinaria.

Don Manuel Marante Gómez aclara que estudo non, que falou xa ao principio cos técnicos verbalmente sobre esa posibilidade, porque a el tamén lle parecía adecuado. O que pretendía era que houbera dous ou catro persoas que estiveran todo o ano dedicados a arranxar as cunetas, estar cunha padeadora limpando, para que cando viñeran as choivas os sumidoiros estiveran limpos, e que ao mesmo tempo foran rozando tamén, pero máis ou menos acabaron na conclusión de que non era viable o tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que el falaba dun estudo serio, tendo en conta o que gasta o concello coa roza, e o que podería gastar adquirindo unha máquina ou alugando unha máquina e contratando persoal o concello, contratacións de tres ou catro meses, porque cumprirían dúas funcións, unha que terían as cunetas e os camiños mellor rozados, e ao mesmo tempo participarían da creación de emprego no propio concello. El cre que se debería facer un estudo de viabilidade sobre se é interesante ou non facelo.

Por outra parte, xa o tiñan manifestado noutra ocasión no pleno, teñen un tractor que se está oxidando nas naves do concello e non se lle dá utilidade. El cre que tamén se podería utilizar para temas puntuais. Á parte do que dixo o Sr. concelleiro, hai camiños nos que ese tractor se podería utilizar, como se utilizou xa no seu momento. Cre que se pode pedir persoal especializado para manexar ese tipo de maquinaria, e non estar sempre no problema, ou sempre non, pero o ano pasado e este atopáronse cun problema grave en canto á roza que aínda neste momento a seguen sufrindo.

Conclúe dicindo que por iso el pide que se faga un estudo, en función do que se gasta e do que se podería gastar.

A continuación, o Sr. alcalde sinala que o rogo número 2 o tiña preparado o Sr. Andreu.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que, de todas formas, como realmente é bastante xenérico, tamén lle quería dar traslado ao Sr. alcalde, simplemente para que o teña en conta.

2º Dende sectores cidadáns, movementos e asociacións esíxese participación na vida política municipal, a publicidade é necesaria, xa que constitúe un medio idóneo e directo para que os veciños/as poidan facer efectiva a súa participación.

Por isto pregamos se realice unha campaña informativa sobre o dereito que teñen os cidadáns a intervir nos plenos municipais, segundo o contemplado no RPC do concello.

Dona M^a Olga Santos López explica que de feito en todos os plenos, por iso lle quere dar traslado ao Sr. alcalde, en todos os plenos teñen exemplos da voluntariedade que ten a xente de intervir, e se son sinceros e son honestos, parece que están en misa podendo evitalo. Aquí falan os concelleiros da oposición, fala o equipo de goberno, pero os veciños teñen un mecanismo para participar nos plenos, cumprindo unha serie de requisitos, e ela está convencida de que non o saben, porque ten familia vivindo aquí e cando lles pregunta se saben como poden participar no pleno, non teñen nin idea. Teñen mecanismos á súa disposición que con vontade política, é dicir, con 0 euros, nos paneis informativos, na páxina web, cunha carta aos veciños, se lles pode informar sobre as posibilidades que teñen de intervir nos plenos.

Di que se intervirá ou non, pero por iso lle quería dar traslado ao Sr. alcalde. Con vontade política e sen gastar, os veciños poderían participar nos plenos. Esa é a base da democracia da que veñen falando.

O Sr. alcalde manifesta que recolle o rogo.

3º Ante a necesidade de prazas de aparcamento nas inmediacións da igrexa de Cambre, para persoas que acoden os servizos eclesiásticos con motivo de actos fúnebres de familiares, e co fin de facilitar as necesidades para o estacionamento correcto, o noso grupo prega se habiliten dúas prazas de aparcamento debidamente sinalizadas, para garantir o acceso rápido e sen problemas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que el isto non o ve claro. Garantir dúas prazas de aparcamento no contorno da igrexa tería que ser no Campo da Feira basicamente. Reservar dúas prazas para os enterros pensa que é un problema gordo, tendo en conta a falta de prazas que hai.

El entende, é a súa forma de velo, que igual cando entra o coche fúnebre no adro da igrexa, talvez puideran aparcar alí, sería cuestión de falalo co cura ou o que sexa, e que poida entrar alí a familia que veña acompañando ao féretro, pero reservar dúas prazas na zona para ese tema, cre que un pouco complicado.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que afortunadamente non hai

enterros todos os días, e os enterros son en hora puntual, poden ser pola mañá ou pola tarde. Todos son testemuñas de ás veces os problemas que ocasiona, ademais nun momento delicado, ás familias, que chegan aí os coches e non teñen onde metelos.

Di que esta é unha demanda moi importante que xurde de moitísima xente. É algo que se fixo noutros concellos, foi unha boa práctica que se fixo, e el cre que Cambre non debería ser alleo a esa necesidade e debería facilitar dúas prazas, non sabe de que maneira, ao mellor habería que falar coa Policía local, e que á hora dos enterros, o tempo determinado que dure o enterro que será aproximadamente menos dunha hora, pois reservalas para as familias. Cre que pode ser na esquina do Campo da Feira ou ben na esquina do museo, parécenlle os sitios máis idóneos para facelo.

Conclúe dicindo que esta é unha demanda que hai moitísimo tempo veñen facendo os veciños de Cambre e eles o que tratan é de trasladala, porque lles parece necesaria, ademais.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el entende que é só para a hora do enterro, pero os veciños que aparcan no centro de Cambre, non saben cando hai un enterro, saberano uns e outros non, entón é un pouco complicado iso. Se vén un veciño e aparca o coche, pregunta que pasa e como fan á hora da verdade, se o sacan. El cre que iso non funcionaría aquí no centro de Cambre.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que poñendo algo na praza.

Don Manuel Marante Gómez dille que vale, pero cre que é complexo. Por iso el pensa que por que non poden metelos no adro da igrexa, detrás do coche fúnebre. Pensa que non ían ter ningún problema por metelos aí.

Outra cuestión é nas parroquias. Nas parroquias efectivamente xa houbo algún veciño que llo dixo, e van facelo nos cemiterios parroquias, poñer un par de prazas de aparcamento ao lado do cemiterio. Iso si que llo comentou algunha xente, pero aí é diferente, aí pónenlles un par de aparcamentos ao lado da entrada da igrexa ou para o cemiterio, queda o coche fúnebre e un dos aparcamentos para os familiares. Aí non teñen problema ningún porque aí non hai nunca coches aparcados máis que para eses actos, ou ben, para outros actos relixiosos. Pero no centro de Cambre el cre que é bastante complicado facelo. O normal é que os meteran ao carón do coche fúnebre, diante da igrexa.

Poñelo noutro lado pensa que vai traer máis problemas que beneficios, porque a Policía ten que ter coñecemento de cando hai enterro, aínda que loxicamente claro que o saben, pero pregunta onde pon as prazas, e se hai uns coches aparcados desde pola mañá que non sabían nada, pregunta que fan, se o teñen libre todo o día.

Conclúe dicindo que non o di co ánimo de non facelo, senón que o di co ánimo de que aquí é complicado.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el cre que todos deben ter a vontade de solucionar ese problema, e di que é un problema e habería que tratar de arranxalo. El

tampouco ten as formas exactas, el é concelleiro do Concello de Cambre, pero o que non pertence é á xerarquía eclesiástica para dicirlle ao cura que deixe aparcar no adro da igrexa. Esa non é competencia súa, iso, ao mellor o Sr. alcalde, ou o concelleiro responsable, que fale co cura, el dende logo non ten esa competencia e tampouco lle vai ir pedir ao cura que deixe aparcar á xente no adro da igrexa, nin sabe se o vai autorizar.

O Sr. alcalde manifesta que van velo e estudalo.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, como suxestión, el non está de acordo con esta proposta, coa súa concreción, si loxicamente co espírito que motiva esta iniciativa de EU. Di que como a inmensa maioría dos enterros se realizan en día laborable, en horario de tarde, e algúns si en horario de mañá e en fins de semana, pero normalmente os enterros adoitan ser polas tardes, polas tardes o espazo reservado non é a solución idónea, pero o espazo reservado que hai xustamente diante do concello para vehículos oficiais, adoita estar libre, polo que el cre que aí si habería a posibilidade de falar coa igrexa, é dicir, que se comuniquen dalgunha maneira e provisionalmente, polo menos, darlle a indicación á familia. Conclúe que o di simplemente como suxestión.

Don Manuel Marante Gómez di que está de acordo, non habería ningún problema, poñelos aquí diante do concello sería o sitio menos problemático, pero dille que aquí aparca a xente tamén polas tardes, os veciños.

El cre que o ideal é que se poña ao lado do coche co féretro, alí diante da igrexa teñen sitio suficiente para facelo. Cre que non hai problema ningún niso, ou non debería habelo.

O Sr. alcalde manifesta que é un tema a estudar.

Don Manuel Marante Gómez di que o estudarán a ver que poden facer.

3.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7013 o día 6 de setembro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Denuncian veciños do Temple a situación de perigo que sofren ao intentar cruzar a glorieta do Seixal, en dirección a Vila Concepción. Nese punto existen dous semáforos que non funcionan e os vehículos non respectan a sinalización horizontal, con pasos de peóns, existente. Ante esta situación o perigo de atropelos é continuo.

Por todo iso este grupo pregunta:

Que medidas se teñen pensado adoptar para dotar da necesaria seguridade viaria a este paso?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que efectivamente os semáforos non funcionan. Eses semáforos eran de Fomento e dende que se fixo o túnel subterráneo están sen corrente eléctrica. Toda a iluminación que era de Fomento nesa zona está cortada por Fenosa. Eses semáforos en principio a idea que tiñan, que xa tiñan falado aí atrás, era levalos para Enxertos, para Sigrás, pero agora teñen para Enxertos os que se sacan no Paraugas, para poñelos cando poidan.

Agora están mirando de conectar de novo eses semáforos. Teñen que cruzar a conexión cara a Vila Concepción. Están mirando o tema para poñelos en funcionamento.

2ª Transcorridos xa varios meses do comezo das obras na zona do Paraugas sen que se observen avances significativos nos traballos este grupo pregunta:

A que obedecen as demoras na execución da sinalada obra?

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, engade que hai que dicir tamén que por parte do seu grupo achegáronse ao taboleiro que anuncia a obra para ver se estaba explicitada a súa data de finalización, pero non, está soamente posto o orzamento, a empresa que a realiza e distintas cuestións técnicas, pero non o prazo. Di que eles falan do prazo polo que saíu na prensa, que falaba de tres meses.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non sabe se saíu na prensa ou non, ou quen o sacou, pero o prazo que teñen de execución as obras é de seis meses. Ese é o contrato que ten a empresa coa Xunta, seis meses de execución.

En principio pensábase que se ía poder adiantar un pouco, facelo en menos tempo, e por iso ao mellor alguén falou de tres ou catro meses, non sabe quen foi, el non foi dende logo. Son seis meses. Levan aproximadamente catro, e teñen previsto que se rematen as obras a finais de outubro, primeiros de novembro, máis ou menos.

3ª Recentemente vense de realizar o repintado da sinalización horizontal nun tramo de estrada municipal entre Cela e San Lourenzo. En concreto nunha parte que discorre por Meixigo.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Cales son as razóns polas que se ten pintado a sinalización horizontal de tan só un pequeno tramo da citada vía e non da súa totalidade?

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, engade que tamén, aínda que falta na pregunta, se refiren ao firme, que está perfectamente renovado nese tramo, e o resto presenta deficiencias.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que se fixo ese tramo que é o que máis deteriorado estaba. A idea é loxicamente seguir, porque chegando a San Lourenzo tamén está moi deteriorado. Queren ver se son capaces de

encaixalo nalgunha subvención agora, de cara ao POS, DTC, etc., para continuar. O que se pintou é o que se aglomerou, aínda que se necesitaría pintar todo ata A Rocha. Van intentar meter este ano outro tramo máis, por onde está máis deteriorada, que é na entrada de San Lourenzo onde tamén está bastante mal.

Conclúe dicindo que hai que continuar, pero cos medios que hai van parcheando un pouco o tema, aínda así, faille falta xa case a toda a estrada un apaño.

Dona Margarita Iglesias Pais pide que lle aclare se o que está dicindo é que entra dentro das prioridades do Goberno para este ano, se houbese medios, terminar a renovación do firme e pintado desta estrada.

Don Manuel Marante Gómez dille que o que está dicindo é que hai un tramo, aínda que non sabe agora exactamente o tramo que poidan meter, pero hai un tramo na entrada de San Lourenzo, baixando da Ambroa cara abaixo, que está moi deteriorado tamén, e que hai que metelo. Pensa que este ano deberían metelo, el vai loitar por conseguir metelo, practicamente ata o centro social, xa está moi deteriorado. Polo menos ese tramo van intentar este ano metelo nalgún plan.

Preguntas do UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/7011 o día 6 de setembro de 2014.

1ª Por que motivos foi posposto o concerto rock dos 80 e en que data teñen pensado organizalo?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que por unha proposta súa. En principio ía ser organizado por tres concellerías, pero decidiuse que pola repercusión que pode ter para o maior núcleo empresarial de Cambre, que fora organizado polo departamento de Promoción Económica. Evidentemente, a data do 5 de setembro nese sentido non é idónea, por razóns que todos poden imaxinar, porque o público que vai acudir ten unha franxa de idade para a que non é unha data de compra nin gasto para as familias.

Pensou en pospoñelo, en colocalo nunha data na que a repercusión económica para a zona do Temple tivera moito máis impacto.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregúntalle por un exemplo.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe contesta que se barallan dúas datas, pero ela prefire consensualo cos empresarios de alí antes de dicilas.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que lle parece ben a contestación.

2ª Cando ten previsto convocar a reunión para tratar o cambio que propón o Goberno municipal respecto da mesa de contratación?

O Sr. alcalde expón que esta pregunta é do concelleiro don Felipe Andreu, así que se queren llela contesta por escrito.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, contesta que de acordo.

3^a É unha vergoña o estado en que se atopa a obra da ponte do Burgo, día tras día vemos como soamente tres ou catro persoas están a traballar nunha obra que polas súas características non debería durar máis dun mes. Que ten feito o Goberno municipal para axilizar esta obra que tantos problemas de retención de tráfico está a xerar? Cando teñen previsto rematar a obra?

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que esta pregunta xa está contestada coa pregunta que fixeron os compañeiros do PSdeG-PSOE.

Preguntas do EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6925 o día 4 de setembro de 2014, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1^a O grupo municipal de EU ten solicitado a instalación de biondas ou outras medidas de seguridade para atenuar o perigo no viario que transcorre entre Cela e Meixigo, a altura do número seis, na parte esquerda da estrada onde existe unha curva pronunciada.

Para cando pensan corrixir a situación denunciada?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, recoñece que son necesarias e van intentar colocalas o antes posible, non pode darlles unha data, pero si que lle mandou aos técnicos, ao enxeñeiro, que buscara rapidamente quen puidera colocalles esas biondas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que a ver se o fan un pouco rápido, porque esta pregunta foi realizada nunha comisión en xuño do 2012, e xa se dixo que se ía falar cos técnicos sobre as medidas que se podían aplicar. Cre que cun pouco de investimento se pode corrixir o perigo que hai alí.

2^a Ante o lamentable estado no que se atopa a pista polideportiva do Temple onde diariamente xogan centos de nenos o grupo municipal de EU pregunta:

Ten pensado este Goberno amañar as ditas deficiencias despois de tres anos de lexislatura ou teremos que esperar á vindeira campaña electoral?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que esta pista foi reparada no ano 2012, cando se inaugurou a piscina que está pegada, que por certo levaba catro anos parada.

Facendo referencia un pouco á contestación que lle deu ao rogo do Sr. García Patiño, dende o mes de maio teñen os informes, o que pasa é que por motivos de

incapacidade orzamentaria non puido saír o contrato que se pretende facer para o mantemento das instalacións deportivas descubertas.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, dille que igual se está equivocando ela, pero que non están falando da do parque Ramón Barba, están falando da que está xunto o campo de chave.

Don Fernando Caride Suárez dille que entón a resposta é que teñen unha subvención da Deputación para reparar o firme e aproveitarán para facer unha reparación de todo o que necesite. De todas formas, di que se fixeron informes de todas as pistas, esa informouse pero despois eliminouse dos informes, porque ao haber unha subvención para a súa reparación non vai entrar dentro dese tema. É dicir, está fóra do informe porque hai unha subvención.

Dona M^a Olga Santos López dille que o firme está en mal estado, pero que o valo que está ao redor, iso non é que estea en mal estado, é que está lamentablemente mal, ou sexa, de arrancala e poñer unha, porque é que iso xa non ten amaño posible e sábeno perfectamente, porque á parte de que é unha pista que está moi céntrica, pasan todos por alí e teñen ese enreixado diante.

O firme non é o peor, as porterías, a canastra, están tan desfeitas, nun estado tan sumamente lamentable, que ela cre que debería ser prioritario, pero prioritario porque é un lugar de lecer de moitísimos nenos todos os días.

Don Fernando Caride Suárez dille que aí ademais dáse un problema engadido co tema dos valos, por mor dunha nave que había detrás e que xa non existe, ou sexa, un punto conflitivo, entón, como había problemas co acceso, había rapaces que rompían o valo e pasaban por aí.

Neste momento algúns concelleiros manifestan que non están a falar da mesma pista.

Don Fernando Caride Suárez pregunta se non é a pista do Eroski, ao que lle contestan que non, que están falando da pista da ría.

O Sr. alcalde manifesta que aquí o problema é o trámite administrativo, iso está en contratación cunha subvención da Deputación, pero o trámite administrativo hai que seguilo, eles non poden adiantalo, a mesa de contratación é a mesa de contratación. Pero di que se vai arranxar, que iso vaise arranxar.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que como hai tres pistas, pensou que era esa.

Dona M^a Olga Santos López dille que das tres que hai pensou en dúas, pois é a que queda, a terceira.

Don Fernando Caride Suárez sinala que se lle tivera posto a da ría, ou algún outro tipo de nomenclatura, teríase dado conta. Di que esa está incluída dentro do que lle comentou nun primeiro momento, que é o que lle respondeu ao Sr. García.

Dona M^a Olga Santos López preguntalle se entón non está incluída na subvención da Deputación.

Don Fernando Caride Suárez contesta que non. Di que hai dous temas. Por un lado no mes de maio encargouse aos técnicos do Departamento de Deportes que se fixera un informe do estado de todas as instalacións deportivas descubertas, tanto as pistas como os campos de chave. Quitouse do informe a pista do Eroski, a coñecida como pista de Lumiera, porque había unha subvención para ela. A pista da que a Sra. concelleira fala está incluída dentro dese informe, que é o que se vai sacar a contratación agora.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se lles poden pasar ese informe.

Don Fernando Caride Suárez di que si, por suposto, e ante novas preguntas sobre a pista, volve explicar que se fixo un informe sobre as instalacións deportivas descubertas, as pistas e os campos de chave. Eliminouse a que el contestou nun primeiro momento, por erro, porque pensou que se referían primeiro á do Ramón Barba e logo á de Lumiera, que é a que está suxeita a subvención e que foi a que se sacou. A pista pola que a Sra. concelleira de EU lle está preguntando, que pon simplemente pista polideportiva do Temple, que é a pista da ría, é a nomenclatura que ten, esa está incluída dentro deses informes que se van sacar a contratación para a súa reparación.

A continuación, o Sr. alcalde di que van pasar á pregunta número 3, aínda que a ía contestar Felipe, pero a pregunta poden facela, porque el cre que todo isto xa está na páxina web, que é o que reclaman.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela faino todos os días, pero reconece que hoxe non o fixo. É o primeiro que fai pola mañá cando se levanta, mirar a páxina web do Concello de Cambre, pero hoxe precisamente empeza as vacacións e non o fixo.

3^a Na páxina web do Concello de Cambre, ocúltase a información que ao Goberno municipal non lle interesa que os veciños coñezan, facendo gala, como non pode ser doutro xeito vindo do Partido Popular, dunha censura activa e ocultación de información provocada co obxecto de enganar e mentir aos veciños. Esta rotunda afirmación vén motivada das múltiples ocasións nas que o grupo municipal de EU solicitamos ao Goberno que se incluíran na web datos tales como as nóminas de alcalde e concelleiros do Goberno (xa que as nóminas dos membros da oposición si están publicadas) ou as declaracións de bens dos concelleiros (neste caso o Goberno do Sr. Rivas está incumprindo o Regulamento orgánico municipal, cometendo unha ilegalidade).

Ante o caso omiso que fan das nosas peticións e tendo en conta que non incluír estes datos segue a ser unha estratexia para que os veciños non saiban o que vostedes non queren que saiban, o grupo municipal de EU pregunta:

Podería o Goberno incluír na web os datos relativos ao resultado das eleccións estatais, autonómicas, europeas e non soamente as municipais nas que o PP gañou as eleccións en Cambre? No caso de que tampouco lles interese que os veciños saibamos os resultados dos citados comicios e non publiquen os ditos datos: Poderían, por decoro, corrixir o hipervínculo no que di “eleccións municipais, autonómicas, etc.” e deixar só “eleccións nas que o PP gañou en Cambre”?

O Sr. alcalde contesta que o que lle dicía, que é unha mágoa que hoxe a concelleira non vira a páxina web, pero el xa lle di que todos eses datos que pide están colgados na páxina web e todo o mundo os pode ver.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se as súas nóminas tamén están.

O Sr. alcalde contesta que tamén.

A Sra. concelleira pregunta polas declaracións de bens.

O Sr. alcalde dille que non.

Dona M^a Olga Santos López dille que entón non está todo.

O Sr. alcalde responde que non estará. Ela fíxolle unha pregunta e el contestouna. Se agora lle quere seguir facendo preguntas, pois contéstalle tamén. El dille que todo polo que lle pregunta aquí, está na páxina web.

Dona M^a Olga Santos López dille que moi ben, que seguirán insistindo no resto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López